



Forma palabras derivadas a partir destas simples, engadíndolles **prefixos** (ao principio) ou **sufixos** (ao final):

Exemplo: mazá-maceira

papel-

terra-

pelo-

dente-

leite-

pera-

churro-

carta-

Fíxate nas palabras subliñadas destas definicións e forma outras derivadas:

- Persoa que conduce un taxi:
- Persoa que ten por oficio cociñar:
- Persoa que estuda:
- Persoa que cría gando:
- Persoa que ten por oficio coser:
- Persoa que pinta:

Forma palabras **antónimas** (contrarias) engadíndolles a estas os prefixos **i-**, **in-**, **im-** ou **des-**:

cómodo-

permeable-

visible-

atar-

legal-

lójico-

obediente-

posible-

ordenar-

montar-



**RECORDA:**

O **VERBO** é unha clase de palabra que expresa unha acción, un estado ou un proceso.

Os verbos clasifícanse en **tres conxugacións**:

- **1ª conxugación** (-ar): cantar, bailar, xogar, pintar...
- **2ª conxugación** (-ir): comer, beber, correr, ter...
- **3ª conxugación** (-ir): vivir, sentir, rir, escribir...

**PERSOAS VERBAIS:**

**Eu** (1ª persoa singular)

**Nós** (1ª persoa plural)

**Ti** (2ª persoa singular)

**Vós** (2ª persoa plural)

**El** (ou **ela**) (3ª persoa singular)

**Eles** (ou **elas**) (3ª persoa plural)

**MODOS VERBAIS:**

- **Indicativo**: expresa feitos reais.
- **Subxuntivo**: expresa desexos ou probabilidades.
- **Imperativo**: expresa ordes ou mandatos.

**TEMPOS VERBAIS:**

- **Presente**: a acción sucede **agora**.
- **Pretérito**: a acción xa sucedeu **antes** (pasado)
- **Futuro**: a acción aínda non sucedeu, sucederá **despois**.

No seguinte enlace podes conxugar o verbo que queiras.

<http://cotovia.org/proxecto/conxugador/index.html>

Clasifica estos verbos segundo a súa conxugación:

subir - saltar - xogar - sentir - ser - roer - medir - falar - beber -  
rir - traballar - moer - estudar - correr - escribir - vivir - ter -  
xogar

1ª conxugación	2ª conxugación	3ª conxugación

Completa estas oracións coas formas verbais do recadro:

fostes    fixo    recolle    podedes    farei    gañemos

María xa \_\_\_\_\_ os trece anos.

Por favor, \_\_\_\_\_ a mesa.

Mañá \_\_\_\_\_ os exercicios de Matemáticas.

Carla e máis ti \_\_\_\_\_ a Londres a o ano pasado.

Oxalá \_\_\_\_\_ o partido.

Hoxe non \_\_\_\_\_ saír ao recreo porque está chovendo.

Fíxate no exemplo e fai comparacións:

Ese neno é áxil coma un mono.

Ten os ollos verdes coma \_\_\_\_\_.

O seu cabelo é negro coma \_\_\_\_\_.

Ten a cara redonda coma \_\_\_\_\_.

É ácido coma \_\_\_\_\_.

Os seus dentes son blancos coma \_\_\_\_\_.

## Le estes textos varias veces. Despois, intenta contestar ás preguntas:

Anxo González Guerra // Vitoria Ogando Valcárcel -ogalego.eu // ogalego.gal

### PEGA



É un paxaro moi abundante nos campos galegos, sobre todo por onde hai terras de labor e árbores. É moi fácil de recoñecer polo seu rabo longo e as plumas brancas e negras con irisacións azuis e verdes. Aliméntase de insectos, vermes, miñocas, grans, pebidas, cobras pequenas, ovos de outros animais, etc. Ten un berrar moi típico e cando se xunta unha bandada producen un forte balbordo. Fai o niño de garabullos nas árbores.



### ANDORIÑA

Chega a Galicia en grandes bandadas todas as primaveras procedente de África, a onde volta no outono fuxindo do frío. É fácil de identificar polas súas cores: azul escura a parte superior do corpo, a inferior branca e a testa e a gorxa vermellas. Tamén é característico o seu longo rabo rematado en dúas afiadas puntas. É difícil vela pousada na terra, normalmente voa a rentes do chan a grande velocidade para pillar insectos. Fai o niño na parte superior das paredes, xunto ás madeiras do teito, con pallas e herbas mesturadas con lama deixando un oco pola parte superior.

Relaciona cada palabra co seu significado (consulta neste enlace o [dicionario da Real Academia Galega](#) se o precisas) :

irisacións	Ruído de varias voces xuntas.
pebidas	Reflexo das cores do arco iris.
balbordo	Cerca de.
garabullos	Escapar.
fuxindo	Semente de diversos froitos.
testa	Pau delgado e pequeno.
a rentes	Parte superior da cara, fronte.

**Preguntas sobre a "pega":**

En que lugares de Galicia vive a pega?

---

De que se alimenta?

---

Onde fai o seu niño e con que?

---

**Preguntas sobre a "andoriña":**

En que época do ano chega a andoriña a Galicia? De onde vén? Por que vén?

---

---

Por que a andoriña voa baixo, cerca da terra?

---

De que cores son as súas plumas?

---

Como é o seu rabo?

---





Recordamos os TIPOD DE ORACIÓNS:

- **ENUNCIATIVA**: dá unha información.
- **INTERROGATIVA**: pregunta ou interrogación ?
- **EXCLAMATIVA**: exclama!
- **IMPERATIVA**: dá ordes

Clasifica estas oracións:

- Por favor, pásame a froita. \_\_\_\_\_
- Traballaches moito? \_\_\_\_\_
- Como chove! \_\_\_\_\_
- Hoxe non imos en autobús. \_\_\_\_\_
- Prepárate que se fai tarde. \_\_\_\_\_
- Viñeron uns nenos novos para a nosa clase. \_\_\_\_\_
- Vas ir de viaxe? \_\_\_\_\_
- Que día máis fermoso! \_\_\_\_\_

Escribe dúas oracións de cada clase:

Enunciativas:


Interrogativas:


Exclamativas:


Imperativas:


Relaciona cada frase feita co seu significado:

Frase feita	Significado
Estar a monte.	Estar moi delgado.
Anda á miñoca.	Chover moito.
Mallar en ferro frío.	Mollarse todo.
Estar como unha vara verde.	Non estar civilizado, bruto.
Caer auga a xerros.	Deitarse moi cedo.
Poñerse coma un pito.	Perder o tempo.
Encher o ollo.	Non ter para comer.
Deitarse coas galiñas.	Gustarlle algo.

Completa as seguintes oracións para facer comparacións:

Exemplo: É tan lixeiro coma unha pluma.

- É delgado coma \_\_\_\_\_
- A comida estaba tan fría coma \_\_\_\_\_
- É tan grande coma \_\_\_\_\_
- É veloz coma \_\_\_\_\_
- Ten a pel tan suave coma \_\_\_\_\_
- Os seus dentes son tan brancos coma \_\_\_\_\_
- É tan vermello coma \_\_\_\_\_
- Gracioso coma \_\_\_\_\_

Le este texto varias veces. Despois, intenta contestar ás preguntas:

### **Padrón, despensa de Galicia (Anaya)**

A cociña galega caracterizouse máis pola riqueza das súas materias primas que pola existencia de grandes receitas. Dar un paseo polo mercado de Padrón, especialmente os domingos, cando se concentran vendedores procedentes das comarcas próximas, bríndanos a posibilidade de asistir a un espectáculo gastronómico.

Padrón desempeña o papel de despensa de Galicia. Ás mesmas beiras do río Sar, a praza de abastos é unha mostra perfecta do que se pode comer en Galicia. Ás dúcias de variedades de peixes e mariscos que ofrece o mar de Arousa —nécora, centola, cigala, camarón, ameixa, polbo, sardiña, rodaballo, carioca—, únese a primitiva lamprea, as troitas, o reo e o xa escaso salmón do Ulla.

Falamos de peixes, pero tamén podemos facelo de carnes, desde a tenreira galega ata a caza, se a tempada o permite, pasando por todo tipo de aves e, como non, da diversidade de produtos derivados do porco.

Acompañando ás carnes, os demais produtos do campo están presentes na gastronomía padronesa, e entre todos destacan os pementos de Herbón, que levaron o nome de Padrón ás cartas dos mellores restaurantes do mundo.

<http://www.concellodepadron.es/node/101>

Segundo o texto, que é o que caracteriza a cociña galega?

---

De que vila se fala?

---

Que dous ríos pasan por alí?

---

Que ría está cerca desta vila?

---

Que «espectáculo» hai os domingos?

---

Que famoso produto do campo procede desta zona?

---

Busca no texto e escribe os nomes de:

a) Tres mariscos: \_\_\_\_\_

b) Tres peixes mariños: \_\_\_\_\_

c) Tres peixes de río: \_\_\_\_\_

Sinala o significado correcto de gastronomía:

- Dor de estómago; gastrite.
- Coñecementos sobre a arte de preparar boa comida.
- Ciencia que estuda os astros.
- Parte da economía que estuda o gasto excesivo.

Coñeces a vila de Padrón? Gústache?

---